



En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administracións xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta secretaría xeral técnica emítese o seguinte,

INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 18 DE ABRIL DE 1996 POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO 243/1995, DO 28 DE XULLO, NO RELATIVO Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS E REQUISITOS ESPECÍFICOS QUE DEBEN CUMPRIR OS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

1. Obxecto e competencia

a) O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. No uso da dita competencia exclusiva, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema. No seu artigo 3, concreta eses obxectivos, que perfilan o ámbito propio dos servizos sociais, entre eles, garantir a autonomía persoal das persoas dependentes, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección dos máis vulnerables.

Así mesmo, no ámbito estatal a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, configura no seu título I, o sistema para a autonomía e atención á dependencia como “unha rede de utilización pública que integra, de forma coordinada, centros e servizos, públicos e privados”, regula as prestacións do sistema e prevé un catálogo de servizos que, de acordo co seu artigo 3, se deben integrar nos sistemas de servizos sociais das comunidades autónomas, no ámbito das competencias que teñen asumidas.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, ademáis do catálogo dos servizos da antedita lei recollido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, relacionanse os ditos servizos no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Por outra banda, de conformidade coa disposición transitoria terceira do dito Decreto 149/2013, do 5 de setembro, ata a entrada en vigor da regulación dos requisitos materiais, funcionais ou de persoal precisos para a autorización dos servizos, que se dite no desenvolvemento deste decreto, será de aplicación a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

A referida Orde do 18 de abril de 1996 ten como finalidade garantir a adecuación das instalacións, as condicións arquitectónicas, materiais, de equipo e distribución de espazos.



Tendo en conta o exposto, nos últimos anos está xurdindo en distintos países europeos un modo de vida en comunidade para fomentar o apoio mutuo entre persoas que deciden vivir xuntas. Este tipo de comunidades dotadas de servizos asistenciais estanse a desenvolver como unha alternativa ao modelo residencial tradicional destinado a persoas maiores. A dita alternativa de convivencia con cabida no ámbito dos servizos sociais pode materializarse a través dos aloxamentos compartidos, dotados de servizos para a promoción dunha vida social activa e colaborativa, que contribuírán ao benestar das persoas maiores paliando situacións de illamento social que sofre grande parte deste colectivo.

Na actualidade e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia están a promoverse diferentes iniciativas aos actuais modelos de recursos residenciais, concretamente estes novos proxectos residenciais destinados ás persoas maiores que requiren de servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

O exposto determinou a necesidade de definir e regular as condicións materiais, arquitectónicas e de persoal nos que se vai a desenvolver estas novas iniciativas abordando a modificación da Orde do 18 de abril de 1996 que establece as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, sen prexuízo da proceder á regularizar os requisitos específicos dos servizos da carteira, incorporando o novo recurso residencial para a prestación dos servizos dos que se doten estes equipamentos como un tipo de recurso de atención a persoas maiores que apostan por unha convivencia en común cos coidados e apoios necesarios que as situacións sobrevidas o requiran.

Así, tras a súa aprobación, publícase no *Diario Oficial de Galicia* número 201, do 21 de outubro de 2022 a Orde do 10 de outubro de 2022 polo que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

A modificación engade un novo establecemento residencial, as denominadas vivendas colaborativas (modificación de número 2 do artigo 2) e engade ao anexo I un número 8 coa descrición da nova tipoloxía e os seus requisitos.

No apartado A) do punto 8 do anexo I, referida ás condicións materiais e arquitectónicas das vivendas colaborativas, e concretamente na súa letra b) sobre as zonas de uso común deste recurso residencial establece que deberán contar, como mínimo, entre outras instalacións, con cuartos para a atención de persoas residentes que, polo seu grao de dependencia ou dependencia sobrevida, requiran atención ou coidados persoais, cunha capacidade mínima dun 5 % das prazas, que deberán ser reservadas para o posible coidado diúrno ou nocturno destas persoas. Estes cuartos deberán de cumprir as mesmas esixencias que os cuartos das residencias de maiores recollidas na letra A) do punto 1.

Na dita Orde do 18 de abril de 1996, en virtude da anterior modificación levada a cabo na disposición derradeira primeira da Orde do 12 de xaneiro de 2021, pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B), na letra A) d) do punto 1 do anexo I sobre a regulación das condicións materiais e arquitectónicas da zona de enfermería de atención xeriátrica e enfermaría da área de atención especializada das residencias para persoas maiores, establece que estes centros deberán dispor dunha porcentaxe de camas de enfermería correspondente ao 3 % da súa capacidade total, cun máximo de 4 camas por dormitorio, reservándose polo menos un dormitorio individual para situacións que requiran illamento.



Dado que as vivendas colaborativas configúranse como un recurso de prestación de servizo residencial, en relación aos ditos cuartos para a atención de persoas residentes que, polo seu grao de dependencia ou dependencia sobrevida, requiran atención ou coidados persoais e que deberán ser reservadas para o posible coidado diúrno ou nocturno destas persoas, apreciase a necesidade de establecer o mesmo requisito específico referido á zona de enfermería de atención xeriátrica e enfermería da área de atención especializada das residencias para persoas maiores, o que determina abordar unha nova modificación da Orde do 18 de abril de 1996, revisando e establecendo nas vivendas colaborativas a mesma porcentaxe de camas de enfermería que nas residencias para persoas maiores se ben coas exixencias para as habitacións da área residencial recollidas na letra A) do punto 1.

b) O Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, establece que lle corresponde ao dito órgano superior, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais e, entre elas, a atención ás persoas maiores e a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia polo que é o órgano competente para a regulación e aprobación da presente disposición.

2. Estrutura do proxecto da disposición normativa.

Tras o título e a parte expositiva, o proxecto de orde como disposición de natureza modificativa estruturase nun único artigo que recolle a modificación da letra b) do apartado A) do punto 8 do Anexo I referido aos requisitos que deben contar como mínimo as zonas de uso común das vivendas colaborativas.

Na parte final componse dunha única disposición derradeira que recolle o réxime de vixencia.

3. Tramitación da disposición administrativa da carácter xeral.

O proxecto de orde someteuse ao cumprimento dos principios establecidos no artigo 129 e seguintes de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e ao disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Tras o acordo do inicio da tramitación, achégase o texto do anteproxecto de Orde xunto coa memoria xustificativa e económica da nova modificación da Orde do 18 de abril de 1996.

Nesta fase, dado o seu contido puntual xustifícase a ausencia do posterior trámite da consulta pública previa.

Con data 3 de xullo de 2023 aprobase inicialmente pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude o xa proxecto de orde que se somete á audiencia a través do portal de transparencia.

Coa apertura da fase intermedia da tramitación, remitiuse aos órganos da Xunta de Galicia para alegacións e someteuse á audiencia das entidades representativas que se pronunciaron sobre a regulación do novo establecemento sen a remisión de novas suxestións.

Polo que se refire aos informes, o texto foi remitido ao pronunciamento dos seguintes órganos:



- . Informe da Secretaría Xeral da Igualdade sobre o impacto de xénero.
- . Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos sobre análise orzamentario.
- . Informe do Consello Galego de Benestar Social.

Dado o seu rango, a presente orde non requiriu do seu traslado e da análise do seu impacto demográfico ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica.

Na fase final o expediente someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite de xeito favorable con data 2 de outubro de 2023.

4. Legalidade, acerto e oportunidade

De acordo co indicado considerase que este proxecto de orde axustase á dereito e reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade.

Así o exposto, de conformidade co artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, informase favorablemente o proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2023

A secretaria xeral técnica



María Francisca Gómez Santos